



## Acta da Comisión de arantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 23 de xullo de 2019

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 23/07/2019
- II. Asistentes á CGIC do 23/07/2019
- III. Guías Docentes da Titulación V09M180V01 Máster Universitario en Xeoinformática
- IV. PA07 Xestión dos recursos materiais:
  - a. IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material
  - b. Dotación de laboratorios docentes
- V. R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia

Ábrese a sesión ás 11 horas e 5 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade desde a anterior sesión da CGIC:

- O 11 de xullo de 2019 a Directora asistiu á sesión da Comisión da Calidade da Universidade na que se probou a modificación do regulamento de réxime interno deste órgano colexiado e a modificación do procedemento IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (que integra e substitúe os procedementos PA07 Xestión dos recursos materiais e PA08 Xestión dos servizos). Tamén se fixo unha proposta modificación do formato e contido das Enquisas de Avaliación Docente, pero se pospuxo posto que había diferencias de parecer entre os membros da Comisión.
- O 15 de xullo de 2019 o departamento T06 IRNMA presentou unha petición á xerencia dun posto de Técnico Superior AI para apoio nos laboratorios docentes das materias adscritas ás áreas do T06 que se imparten nesta escola. Trátase da mesma necesidade recollida no rexistro PE01 Xestión do PAS (aprobado na CGIC de 29/05/2019) e que aínda non foi resolta.
- O 17 de xullo de 2019 enviáronse á Área de Calidade os datos da EME para o Programa Docencia anual 2017/2018.
- Actualización sobre os Rexistros Pendentes no SGIC:
  - ✓ R1-DE03 P1 Informe de Revisión Pola Dirección: a Dirección está rematando o informe e propón tratalo nunha sesión extraordinaria da CGIC a última semana de xullo.
  - ✓ R1-DO0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares.
  - ✓ Informes de coordinadores e informes do PAT correspondentes ao curso 2018/2019: pediranse nos próximos días para tratalos nunha CGIC á volta das vacacións.
  - ✓ Está en marcha o proceso interno de avaliación da re-certificación do Sistema de Calidade do centro que realiza a Área de Calidade. En canto se teña máis información do proceso se trasladará aos membros da comisión.
- Dúbdidas plantexadas na anterior sesión da CGIC sobre o rexistro PA08 Xestión dos servizos. Fíxose a correspondente consulta á Área de Calidade e esta foi a resposta:

- ✓ ¿A quen lle chegan as QSP relativas ao funcionamento dos servizos?
  - Xestiónanse a través da caixa única centralizada a través da Unidade de Análises e Programas (UAP).
  - Acceden os/as Administradores/as dos centros/ámbitos.
- ✓ ¿En que procesos de calidade se tratan?
  - Polo de agora a través dos sistemas de calidade dos centros.
  - No ámbito de xestión non hai un sistema de xestión de calidade agás en Unidades e Servizos moi concretos (Biblioteca, CACTI, ECIMAT, CIMBIO).
- ✓ ¿Que posibilidade de acceso ten o centro a esa información?
  - Solicitándolla a/o administrador/a do centro.
- ✓ A Comisión de Calidade da EME, ¿non debería poder participar dalgún xeito na toma de decisións de renovación das concesións e estar ao tanto das queixas recibidas sobre o seu funcionamento?
  - Os rexistros relacionados cos servizos do centro son competencia dos/as administradores/as de centro.
  - A Comisión de calidade valida, suxire... e podería acceder as QSP a través de eles.
  - A Unidade de Análisis e Programas está a elaborar un novo regulamento de QSP e podería haber algún cambio neste sentido.
  - A toma de decisións sobre ás concesións recóllese nas normativas de xestión económica e canalízase a través dos administradores/as, servizo de contratación e Xerencia, co que non queda claro o nivel de participación dos Equipos Directivos.
  - A través dos procedementos a Comisión de Calidade do centro pode emitir a súa valoración respecto do funcionamento dos servizos, sen valor executivo, como órgano consultivo ou de debate.
  - Os procedementos de xestión dos servizos están en revisión. Na última comisión de calidade deuse o visto bo a unha nova edición dos mesmos e proximamente enviaranse aos centros para a súa aprobación.

### **3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.**

A Presidenta lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da comisión por email (Anexo III). Lembra que a titulación está en extinción, polo que non se oferta matrícula de novo ingreso, pero que o alumnado que se matriculou o curso pasado a tempo parcial, ten dereito a recibir docencia das materias das que se matricule por primeira vez no curso 2019-2020.

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes da titulación.

### **4. Aprobación, se procede, do rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material.**

A Presidenta explica que este rexistro (Anexo IV-a) foi enviado con antelación aos membros da comisión; forma parte do procedemento PA07 Xestión dos recursos materiais e engloba todas as solicitudes recibidas para dotación dos laboratorios docentes.

Cede a palabra a David Patiño, Subdirector de Infraestruturas e AA.EE. do centro, que expón que se trata dunha partida para material inventariable e que, a partires deste curso, non se permite incluír gastos de software. Fíxose unha consulta e hoxe mesmo confirmaron que, xa que a información acerca do cambio de sistema chegou no último momento, vai aceptarse de xeito excepcional a inclusión de gastos de software este ano. Deste xeito, incorporando as solicitudes de software ao documento enviado con antelación, sae un total de 13933,10 € ao que hai que engadir outro software que se renova habitualmente polo centro, como Hysis, CYPE, Rocscience...

David Patiño aclara que aínda non está claro como se poderá resolver o tema do software para o futuro. Unha posibilidade é activar unha partida que non se utilizou ata o de agora, pero non se podería traspasar da partida de equipamento. A Dirección estudará cal é a mellor solución xa que o software é necesario e supón unha cantidade importante.

Por último explica que, como se recolle no Anexo IV-b, non é posible conceder todas as solicitudes: unha de máis de 19000€ ten que ser descartada e outra acéptase soamente de forma parcial.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

## **5. Aprobación, se procede, do rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia.**

A Presidenta lembra que a documentación relativa a este punto (Anexo V) foi enviada previamente por correo electrónico e indica que este rexistro forma parte do procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas.

A única incidencia rexistrada foi a entrega de actas fora de prazo.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro, que se adxunta como Anexo V a este acta.

## **6. Rogos e Preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 23/07/2019



## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 23 de xullo de 2019 na Sala de Xuntas do módulo de Dirección ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.
4. Aprobación, se procede, do rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 16 de xullo de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



## ANEXO II

Asistentes á CGIC do 23/07/2019





<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 23 de xullo de 2019</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidad
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro



## ANEXO III

### Guías Docentes da Titulación

V09M180V01 Máster Universitario en Xeoinformática



## ANEXO IV

### PA07 Xestión dos recursos materiais:

- a. IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material
- b. Dotación de laboratorios docentes



## **ANEXO V**

R4-DO0201P1 Procedemento para o seguimento e control da  
docencia